ANEXO II : CONCILIA VERÁN 2026

Taxas aplicables segundo a renda per cápita.

As contías económicas correspondentes aos distintos servizos do programa Concilia Verán determinaranse en función da capacidade económica da unidade familiar, tomando como referencia o Salario Mínimo Interprofesional (SMI) (2026 Salario mínimo interprofesional 1.221 euros brutos) , de acordo coa seguinte táboa:

Servizo	Inferior ao 75 % do SMI	Superior ao 75 % e ata o 100 % do SMI	Superior ao 100 % e ata o 150 % do SMI	Superior ao 150 % do SMI
Servizo Almorzo (almorzo incluído) 8:00 h – 9:00 h	15 €	15 €	15 €	15 €
Concilia Verán (9:00 h – 14:00 h)	50 €*/ 100 €	55 €*/ 110 €	60 €*/ 120 €	65 €*/ 130 €
Servizo Xantar (xantar incluído) 14:00 h – 15:00 h	130 €	130 €	130 €	130 €
Hora Extra (14:00 h –15:00 h)	15 €	15 €	15 €	15 €

*As contías reducidas aplicaranse no caso de que o programa estea subvencionado a través do Plan Corresponsables 2026. De non existir dita subvención, aplicarase a taxa íntegra.

Non se aplicarán descontos nin reducións proporcionais por días de non asistencia no servizo de xantar.

Neste programa de conciliación non se efectuará a devolución das taxas aboadas salvo nos casos en que concorran causas de forza maior debidamente xustificadas.

Bonificacións

Aplicaranse as seguintes bonificacións sobre a cota correspondente:

- Familias numerosas: redución do 10 %.
- Familias monoparentais: redución do 10 %.
- Participación de dous ou máis irmáns/as no servizo: redución do 10 %.

As bonificacións sinaladas non serán acumulables entre si, aplicándose exclusivamente aquela que resulte máis beneficiosa para a unidade familiar.

Subvención do programa

No suposto de que o programa Concilia Verán 2026 resulte beneficiario da subvención correspondente ao Plan Corresponsables, as taxas do servizo reduciranse nun 50 %, de acordo co financiamento concedido pola Administración competente.

Allariz, Maio 2026.